



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000006

NÚMERO 2024/6

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO , O DÍA venres 31 de maio
de 2024**

Srs./ Sras. Asistentes:

Sr. Alcalde-Presidente:

Dona Sandra Insua Rial (PSOE)

Sres. Concelleiros:

Dona Encarnación Liñeiro Pouso (PSOE)

Don Sergio Caamaño Fernández (PSOE)

Dona Begoña Tajés Méndez (PSOE)

Don Germán Camiño Mouzo (PSOE)

Dona Rosa Ana Barbeira Fandiño (PSOE)

Don José Francisco Carril Ageitos (PSOE)

Don Fabián Canosa Pasantes (PSOE)

Dona Paula Mouzo Mas (PP)

Don Juan Carlos Sambade Amado (PP)

Don Manuel Mejuto Rios (PP)

Don Xurxo M. Rodríguez Baña (BNG)

Escusa ausencia

Dona Marta M^a Mouzo Pose (PP)

Secretaria:

Dona Eva Jardón López.

Interventora:

Dona M^aEmilia García Maneiro

Na casa do Concello de Camariñas, sendo as 20:00 horas do **venres 31 de maio de 2024** en primeira convocatoria e baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa Dona Sandra Insua Rial, reúnen os Srs./Sras. Concelleiros/as relacionados, todos eles membros do Pleno, con fin de



celebrar sesión Ordinaria, asistidos da secretaria da sesión Eva Jardón López, de acordo co seguinte:

ORDE DO DIA

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 22 de marzo de 2024.
- 2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 13 de maio de 2024.
- 3º. Solicitud de subvención nominativa á Deputación Provincial de A Coruña e aprobación da Memoria da subvención para o financiamento da Mostra do Encaixe 2024.
- 4º. Expediente de modificación orzamentaria 10/2024 mediante suplemento de crédito 1/2024.
- 5º. Expediente de modificación orzamentaria 11/2024 mediante crédito extraordinario 1/2024.
- 6º. Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2024.
- 7º. Modificación das bases de execución do orzamento 2024. Concesión subvencións nominativas.
- 8º. Aprobación do Plan estratéxico de subvencións para o ano 2024.
- 9º. Aprobación de retribucións de auxiliares de Policía Local.
- 10º. Mocións de urxencia.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

- 11º. Decretos da Alcaldía:
Do Decreto Nº 221/2024, de data 19 de marzo ao Decreto 422/2024 do 24 de maio.
- 12º.- Dación de conta da rendición 1º trimestre 2024:
 - Informe do período medio de pago.
 - Informe de morosidade.
 - Dación de conta do estado de execución trimestral 1º trimestre 2024.
- 13º. Dación de conta da aprobación da liquidación do exercicio 2023.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

14°. Dación de conta do informe resume a que se refire o artigo 37 do RD 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local no Concello de Camariñas, exercicio 2023, así como da relación de reparos correspondentes ao exercicio 2023 remitidos ao Consello de Contas.

15°. Rogos e preguntas.

ORDE DO DIA

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 22 DE MARZO DE 2024

Don Xurxo sinala que na paxina 54 da acta se lle computa un voto a favor e unha abstención e que na acta se di carreteira e é estrada, a Secretaria di que procederá á corrección, non habendo mais observacións, procédese á votación da mesma, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado: APROBADA

2°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 13 DE MAIO DE 2024

Ningún dos concelleiros ten observacións e procédese á votación da mesma, co seguinte resultado:

3 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000006

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado: APROBADA

3º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E APROBACIÓN DA MEMORIA DA SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA MOSTRA DO ENCAIXE 2024

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E APROBACIÓN DE MEMORIA DA SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA MOSTRA DO ENCAIXE 2024.

EXPEDIENTE.- 2024/A007/000001

Visto que a Mostra do Encaixe Deputación da Coruña celébrase sempre coincidindo coa Semana Santa, nesta XXXIII edición, do 27 ao 31 de marzo de 2024.

Visto que a Mostra do Encaixe Deputación da Coruña é un dos piares fundamentais de desenvolvemento económico da comarca e da provincia e que o orzamento do Concello de Camariñas é incapaz de soportar a totalidade do gasto que a celebración da mesma leva consigo.

Visto que a colaboración económica da Deputación, asegura a potenciación dunha actividade de grande interese para a provincia como é a posta en valor do sector do encaixe e que se converta nunha actividade rendible de futuro. A actividade subvencionada ao Concello da Camariñas, está dentro dun proxecto que o Concello de Camariñas está levando acabo dende o

4 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

ano 1991 e que ten unha singularidade única dende o punto de vista da promoción económica, e ante a dificultade por causa das limitación tanto de distribución e comercialización como da produción e dinamización do colectivo de palilleiras para promover o cooperativismo e dar transcendencia para esta industria do encaixe para a economía local. O Concello de Camariñas deseñou un Programa de Desenvolvemento do Encaixe, para que a vila de Camariñas, potencie esta actividade como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial. O proxecto presentado para a Mostra, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva dos distintos Departamento da Deputación Provincial, tendo en conta ademais que afecta a varias areas de competencias, promoción económica, cultural e turística e conleva un grande impacto tanto a nivel municipal como provincial

Vista a memoria do investimento, asinada en data 26 de marzo de 2024, pola Alcaldesa do Concello, dona Sandra Insua Rial, así como a restante documentación obrante no expediente.

Vista a solicitude remitida á Deputación da Coruña, en data 25 de xaneiro de 2024, esta Alcaldía, propón ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a Memoria do Investimento denominada “XXXIII Mostra do Encaixe Deputación da Coruña do 27 ao 31 de marzo de 2024” e o orzamento total que ascende á cantidade de 169.658 euros.

Segundo.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial de A Coruña unha subvención nominativa por importe de 120.000 € para o financiamento da citada Mostra, que supón un coeficiente de financiamento pola Deputación do 70,73%.

Terceiro.- Declarar o interese público provincial no financiamento do citado investimento, xa que de acordo co artigo 36 da LBRL é competencia da Deputación a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, atopándose o Concello de Camariñas nesta situación de menor capacidade económica.

Cuarto.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Sexto.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Oitavo.- Dar traslado do presente acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Asinado dixitalmente en Camariñas, na data da sinatura dixital que figura ao marxe, pola Alcaldesa do Concello, dona Sandra Insua Rial”.

Don Xurxo toma a palabra para dicir que o seu voto vai ser unha abstención, porque cree que á Mostra hai que darlle unha volta, é un acto que hai que realizar, pero está nun momento de planeo e necesita un revulsivo.

Don Sergio toma a palabra para dicir que esta é a solicitude para a subvención da Mostra deste ano, xa foi realizada e coa abstención é que non está interesado en solicitar a subvención.

Don Xurxo di que o apunta.

Dona Paula di que está de acordo co que di Xurxo, pero van votar a favor.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 10/2024 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2024

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Contas que a continuación se transcribe:

“EXPTE:2024/T002/000010

PROPOSTA DE DITAME

Visto que da liquidación do exercicio 2023 resultou un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 747.580 €.

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que a Entidade dispón de remanente líquido de Tesourería se fai precisa a modificación de créditos de dito Orzamento da Entidade.

Esta modificación vaise destinar a aprobar aquelas facturas devengados en exercicios anteriores ao 2024 e cuxa imputación orzamentaria non foi posible por non existir crédito suficiente no correspondente orzamento para a súa aprobación; e a maiores as facturas entraron no rexistro municipal no exercicio 2024. O montante total das facturas ascende a 90.229,31 €; e o montante das mesmas financiadas con cargo ó suplemento de crédito ascende a 12.509,86 €. Vaise tamén a destinar a financiar os xuros dos préstamos do ICO por importe de 37.730,71 €, e a amortización anticipada do préstamo da Abanca nº de préstamo- 0061-004532-2, por importe de 150.000 €.

Por último destínase parte do remanente para sufragar o pagamento polos convenios asinados cós Concellos de Santa Comba, Carnota, Tordoia e Muxía para o reforzo do cadro de persoal nas festas de San Pedro, Virxe do Carme de Camariñas e Virxe do Carme en Camelle do ano 2023 por un importe total de 4.465,00 €.

Por todo o anterior esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 10/2024 por suplemento de crédito 01/2024, financiado có Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, segundo o desglose que se detallan a continuación para posteriormente proceder a súa aprobación a través dun Recoñecemento Extraxudicial de crédito, no que respecta ás facturas e gastos que corresponden a exercicios anteriores.

Os gastos proxectados son específicos na súa definición e determinados nas contías, tendo carácter inaprazable por afectar a servizos e competencias municipais.

Tendo en conta todo o anterior, e visto o informe de Intervención de data 21/05/2024 propónse á Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte DITAME:

7 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito de crédito nº 10/2024 suplemento de crédito 01/24 , por importe de 204.705,46 € financiado co remanente líquido de tesourería, de acordo co seguinte detalle:

GASTOS.-

APLICACIÓN	Proxecto de Gasto	DENOMINACIÓN	IMPORTE
132.22199		Seguridade/Outros suministros	46,10 €
1532.22199		Pavimentación de vías públicas/Outros suministros	63,28 €
1532.22706		Pavimentación de vías públicas/Estudios e traballos técnicos	1.887,48 €
160.22100		Sumidoiro/Enerxía eléctrica	916,93 €
161.22199		Abastecemento domiciliario de auga potable/Outros suministros	240,83 €
1621.22104		Recollida de residuos/Vestiarario	87,12 €
165.22112		Alumeado público/Suministro de material electrónico	348,56 €
171.21000		Parques e xardíns/Reparacións e mantemento en infraestruturas	1.376,10 €
1721.22199		Protección e mellora do medio ambiente/Outros suministros	114,01 €
323.22199		Funcionamento de centros docentes de ensinanza primaria/ Outros suministros	427,25 €
3321.22199		Biblioteca pública/ Outros suministros	8,83 €
334.22601		Promoción cultural/Atencións protocolarias	1.124,00 €
334.22609		Promoción cultural/Actividades deportivas e culturais	60,50 €
338.22501		Festas populares e festexos/Tributos das CCAA	626,85 €

8 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

342.21200		Instalacións deportivas/Reparacións en edificios e outras construcións	3.867,16 €
342.22100		Instalacións deportivas/Enerxía eléctrica	455,72 €
342.22199		Instalacións deportivas/Outros suministros	196,14 €
439.22601		Outras actuacións sectoriais/Atencións protocolarias e representativas	58,00 €
439.22602		Outras actuacións sectoriais/Publicidade e propaganda	605,00 €
011.31000		Débeda pública/xuros	37.730,31 €
011.91300		Débeda pública/amortización de préstamos	150.000,00 €
132.46200		Seguridade e orde público/Transferencias a Concellos	4.465,29 €
TOTAL			204.705,46 €

INGRESOS.-

CONCEPTO	IMPORTE	FONTE DE FINANCIAMENTO
87000	204.705,46 €	Remanente de Tesourería para gastos xerais

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

En Camariñas, A Alcaldesa:

Asdo.: D^a Sandra Insua Rial”.

9 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

A Alcaldesa explica que o Concello se atopa nunha situación económica mellor, grazas en parte, a axuda do Goberno central e así da liquidación do 2023 resultou un remanente de 747.580 euros e a proposta é facer dúas modificacións de crédito para usar o remanente.

Dona Paula toma a palabra para dicir que se recorre a fórmulas extraordinarias ao no ter orzamento, porque debemos moitos cartos e subimos impostos e o seu voto non pode ser a favor desta fórmula de xestión.

Don Xurxo toma a palabra para dicir que non hai orzamento o que é importante para controlar o gasto e saber en que se gasta o diñeiro.

A Alcaldesa di que o orzamento está prorrogado do 2022 que o fixo o seu equipo de goberno e que aínda habendo orzamento o remanente coñécese sobre o mes de marzo e dirixíndose a dona Paula, sinala que debe ser que os malos xestores gañan maiorías absolutas, porque a débeda pública crece en Galicia en el 2023 12.170 millóns de euros que debe a Xunta de Galicia. Comenza un debate entre a Alcaldesa e dona Paula sobre a débeda de Camariñas e de Galicia. Dona Sandra conclúe dicindo que grazas aos cataláns igual teñen a sorte de que lle condonen a débeda, e que espera que Pedro lle colla o teléfono porque por ela a débeda non vola quitaban, dona Paula pide que conste en acta que dona Sandra non quere que lle quiten a débeda a Galicia e a Cataluña si.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 8

0 GRUPO MIXTO - BNG
8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 4

1 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

10 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 11/2024 MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2024

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Contas que a continuación se transcribe:

“EXPTE:2024/T002/000011

PROPOSTA DE DITAME

Visto que da liquidación do exercicio 2023 resultou un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 747.580 €.

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que a Entidade dispón de remanente líquido de Tesourería se fai precisa a modificación de créditos de dito Orzamento da Entidade.

Esta modificación vaise destinar a aprobar aquelas facturas devengados en exercicios anteriores ao 2024 e cuxa imputación orzamentaria non foi posible por non existir crédito suficiente no correspondente orzamento para a súa aprobación; e a maiores as facturas entraron no rexistro municipal no exercicio 2024. O montante total das facturas ascende a 90.229,31 €; e o montante das mesmas financiadas con cargo ó crédito extraordinario ascende a 77.719,45 €. Vaise tamén a destinar a financiar dúas inversións financeiramente sostibles: a corrección do impacto paisaxístico no lavadoiro público Río do Prado de Camariñas por importe de 14.899,86 €, e a substitución do pavimento do parque infantil Ponte do Porto: 25.469,08 €.

Por último destínase parte do remanente para sufragar o pagamento de varias subvencións nominativas, que dado que non se procedeu a aprobar o orzamento para o ano 2024, non existe consignación para levar a cabo a aprobación de ditas subvencións.

Por todo o anterior esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 11/2024 mediante crédito extraordinario 01/2024, financiado có Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, segundo o desglose que se detallan a continuación para posteriormente proceder a súa aprobación a través dun Recoñecemento Extraxudicial de crédito, no que respecta ás facturas e gastos que corresponden a exercicios anteriores.

Os gastos proxectados son específicos na súa definición e determinados nas contías, tendo carácter inaprazable por afectar a servizos e competencias municipais.

Tendo en conta todo o anterior, e visto o informe de Intervención de data 21/05/2024 propónse á Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte DITAME:

11 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito de crédito nº 11/2024 suplemento de crédito 01/24 , por importe de 169.588,39 € financiado co remanente líquido de tesourería, de acordo co seguinte detalle:

GASTOS.-

APLICACIÓN	Proxecto de Gasto	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1532.61900	2024/4/24Y	Pavimentación de vías públicas/Outras inversións de reposición en infraestruturas	17.182,00 €
1532.61900	2024/4/24M	Pavimentación de vías públicas/Outras inversións de reposición en infraestruturas	5.009,40 €
1532.61900	2024/4/24R	Pavimentación de vías públicas/Outras inversións de reposición en infraestruturas	8.463,77 €
1532.61900	2024/4/24W	Pavimentación de vías públicas/Outras inversións de reposición en infraestruturas	19.064,52 €
1532.61900	2024/4/24X	Pavimentación de vías públicas/Outras inversións de reposición en infraestruturas	5.754,82 €
160.61900	2024/4/24S	Sumidoiro/ Outras inversións de reposición en infraestruturas	6.327,59 €
1721.21000		Protección e mellora do medio ambiente/Reparacións e mantemento en infraestruturas	858,00 €
231.62203	2024/4/24Ñ	Asistencia social/Edifícios e outras construcións	4.235,00 €
432.22203		Ordenación e promoción turística/Combustible	95,34 €
920.62201	2024/4/24N	Administración xeral/Edifícios e outras construcións	5.602,48 €

12 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

APLICACIÓN	Proxecto de Gasto	DENOMINACIÓN	IMPORTE
920.62600	2024/4/24Z	Administración xeral/Equipos para procesos de información	1.266,69 €
920.62300	2024/4/24A1	Administración xeral/Maquinaria, instalacións técnicas	924,95 €
160.22706		Sumidoiro/Estudios e traballos técnicos	2.934,89 €
1532.61900	2024/4/24B1	Pavimentación de vías públicas/Outras inversións de reposición en infraestruturas	14.899,86 €
171.61900	2024/4/24C1	Parques e xardíns/Outras inversións de reposición en infraestruturas	25.469,08 €
338.48000		Festas populares/Transferencias correntes	24.200,00 €
419.48000		Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca/ Transferencias correntes	3.800,00 €
432.48000		Información e promoción turística/ Transferencias correntes	3.500,00 €
341.48000		Promoción e fomento do deporte/ Transferencias correntes	18.000,00 €
439.48001		Outras actuacións sectoriais/ Transferencias correntes	2.000,00 €
TOTAL			169.588,39 €

INGRESOS.-

CONCEPTO	IMPORTE	FONTE DE FINANCIAMENTO
87000	169.588,39 €	Remanente de Tesourería para gastos xerais

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase

13 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

En Camariñas, A Alcaldesa:

Asdo.: D^a Sandra Insua Rial

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.”

A Alcaldesa explica que o crédito extraordinario é para usar o remanente no pago de facturas, en subvencións e para executar a obra no lavadoiro do río do Prado e a substitución do chan do parque infantil de Ponte de Porto, en ambos casos solicitouse subvención para estas obras á Xunta de Galicia e foron denegadas.

Dona Paula di que se alegran de que se atendan as súas peticións e que se fagan ditas obras.

Don Xurxo di que non estando en contra dos gastos que se van facer, insiste en que todas estas cousas se poden orzamentar e planificar a medio-largo prazo.

A Alcaldesa di que no caso do parque de Ponte do Porto descubriuse en maio de 2023 que o chan estaba mal, pero está mal dende moito antes, todos os anos hai unha subvención de parques e sempre ven denegada e lle pide a dona Paula que agora que está onde se deciden as cousas que consiga subvencións, e que é mellor que as consiga e o venda, que diga que a obra faise grazas a que o Partido Popular a pediu. Dona Paula di que esta disposta a falar cando se soliciten subvencións e traballar xuntas.

Dona Paula e dona Sandra debaten sobre as subvencións que veñen aprobadas e as que veñen denegadas.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 8

0 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 4

1 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000006

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

**6º.- APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO
NÚMERO 3/2024**

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Contas que a continuación se transcribe:

“EXPTE:2024/X999/000214

ASUNTO:RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2024

PROPOSTA DE DITAME

Vista a relación de facturas con rexistro de entrada do ano actual e que figuran como pendentes de aprobación, correspondentes a servizos/obras/prestación efectuadas no exercicio 2023, que se relacionan a continuación por un importe total de 90.229,31€.

Visto que todas son facturas rexistradas no exercicio 2024 pero correspondentes a servizos do exercicio 2023 e figuran na conta 413" Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento.

Visto ademais a necesidade de pagar ditas facturas toda vez que se está a incumprir o período legal de pago das mesmas, considérase prioritario a súa aprobación e pago sobre outras facturas do exercicio en curso.

Vista a obriga de pagar o concello de Santa Comba, Carnota, Tordoia e Muxía polos convenios asinados cos citados concellos para o reforzo do cadro de persoal nas festas de San Pedro, Virxe do Carme de Camariñas e Virxe do Carme en Camelle do ano 2023 por un importe total de 4.465,29€.

Visto os gastos por desprazamentos presentados neste exercicio por dúas traballadoras do concello, correspondentes a desprazamentos feitos no ano 2023, e que ascenden a 134,09 €.

15 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Acreditada a existencia de consignación no orzamento vixente da Corporación prorrogado o 2024, unha vez aprobada definitivamente as modificacións orzamentarias nº 10 por suplemento nº 1/2024 e modificación nº 11 por crédito extraordinario nº 1/2024, do orzamento prorrogado para o 2024.

Coa finalidade de evitar o enriquecemento inxusto do Concello de Camariñas, e acreditada a débeda contraída cos terceiros sinalados, e visto o Informe de Reparación formulado pola Intervención Municipal por importe de 94.828,69 €, de data 21 de maio de 2024, é polo que se propón a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Resolver a discrepancia formulada , deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Aprobar conforme ó artigo 60.2 do RD 500/1990 e a Base nº 11 das de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2024 o recoñecemento extraxudicial de crédito (expte REC 3/2024) das facturas detalladas a continuación , por un importe total de 90.229,31 €, supeditando a súa entrada en vigor a aprobación definitiva da modificación nº 10 por suplemento nº 1/2024 e modificación nº 11 por crédito extraordinario nº 1/2024.

Nº de Entrada	Data	Nº de Documto	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/ 2024/611	12/02/20 24	060-N	08/02/20 24	8,83	32785480 S	DOLORE S MAS PASANT ES	BOTE COLA BL, BOTE COLA WORPACK (BIBLIOTECA)
F/ 2024/613	12/02/20 24	061-N	08/02/20 24	46,1	32785480 S	DOLORE S MAS PASANT ES	CILINDRO COFAN (POLICIA)
F/	22/02/20	F001/27	14/12/20	58	79313198	OSCAR	(COMIDA

16 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Nº de Entrada	Data	Nº de Docum ento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
2024/619	24	0	23		K	M.FREIR E TAJES	CONCURSO XOVENES DESEÑADORES CON CHARO CARRILLO)
F/ 2024/469	25/01/20 24	11	03/10/20 23	60,5	79325601 G	Mª CARME N SONEIR A CASTIÑE IRA	PHOTOCALL DECORACION
F/ 2024/610	12/02/20 24	059-N	08/02/20 24	84,22	32785480 S	DOLORE S MAS PASANT ES	BOTES SIKAFLEX BL, BOTE SIKAFLEX NEGRO, VARILLAS INOX, TUERCAS INOX, ARANDELAS INOX, GANCHOS BALANCIN, (ELECTRICIDAD)
F/ 2024/614	12/02/20 24	062-N	08/02/20 24	87,12	32785480 S	DOLORE S MAS PASANT ES	CHAQUETA AGUA PESCA MIX XXXL
F/2024/98	18/01/20 24	2023Emi t- 3439	01/12/20 23	95,34	B3688009 4	VISUAL PUBLIN ET, S.L.	Renovación anual del registro de dominio turismodecamarinas.gal
F/ 2024/608	12/02/20 24	057-N	07/02/20 24	177,29	32785480 S	DOLORE S MAS PASANT ES	XUNTA GOMA, GUANTES, CONECTORES RAPIDO RIEGO,

17 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000006

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
							LANZA RIEGO, RACOR RIEGO, BOTAS SEGURIDAD, COPIAS CHAVES, AGUARRAS, BROCA,
F/ 2024/615	12/02/20 24	063-N	08/02/20 24	196,14	32785480 S	DOLORE S MAS PASANT ES	XOGO MANILLAS NEGRO, COPIAS CHAVES ACERO, ETIQUETAS NOMBRE, PALETINA, BROCHA, RECAMBIOS RODILLO, ROLLO CINTA PINTOR, BOT
F/ 2024/607	12/02/20 24	056-N	07/02/20 24	240,83	32785480 S	DOLORE S MAS PASANT ES	CODOS MULTICAPA, ENTRONQUES, CODO TERMINAL, TE COBRE, TE 22M, CODO DE 22, ENTRONQUES 22, TES COBRE 22, POLIMERO, PASTA D
F/ 2024/1013	11/04/20 24	IL 686	24/11/20 23	264,34	B7032830 7	MOONO FF,S.L.	COMMENT Pedido nº IL - P2023371 de fecha 02/11/2023 / RETRO SERIES 40W T3M1 4000K CLASE 2 / ECORAAE / COMMENT P2023371 -
F/	12/02/20	058-N	07/02/20	427,25	32785480	DOLORE	XUNTA GOMA, BOTE

18 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000006

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
2024/609	24		24		S	S MAS PASANTES	PINTURA, CONECTOR RAPIDO MANGUEIRA, EMPATE MANGUEIRA, COPIA CHAVES SERRETA, COPIA CHAVES SEGURIDAD, ETI
F/ 2024/727	09/03/20 24	9041N1 3809902 024	07/03/20 24	455,72	B8818144 1	ELECTRICIDAD ELEIA SL	P1 33 kW x 31 Días x 0,054745 E/kW día / P2 33 kW x 31 Días x 0,049038 E/kW día / P3 33 kW x 31 Días x 0,027404 E/kW día
F/ 2024/763	14/03/20 24	2024 - 025	14/03/20 24	484	B1563640 0	AREA QUATRO, S.L.	Informe valoración para la mejora de accesibilidad de la acera de la AC-432 en el lugar de Agramar-Xaviña
F/ 2024/1166	06/05/20 24	X 0025	31/03/20 23	605	B7024877 8	XACOVISION, SL	Producción spot Campaña publicitaria TVG MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS (MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS CAMPAÑA TVG)
F/ 2024/1095	24/04/20 24	2292400 42	17/04/20 24	626,85	Q655002 3C	PORTOS DE	OCUPACION PARA FESTAS DO CARMEN

19 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000006

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
						GALICIA	DE CAMELLE DO 4 AO 7/8/23
F/ 2024/1282	10/05/20 24	Rect- Emit- 125	28/11/20 23	858	32767298 A	MANUE L LEMA REY	Rect. Emit- 125 / DESBROCE EN EL ENTORNO DEL POLIDEPORTIVO DE CAMELLE Y DEL CAMINO AL MOLINO DE AGRA DE ABAIXO: DOS D
F/ 2024/503	15/02/20 24	PE- 2820009 9524	13/02/20 24	916,93	B3754761 9	VIGIN ELECTRI C, S.L.	Rect. 1 PE- 28100671623 / Energía P1 / Energía P2 / Energía P3 / Energía P4 / Energía P5 / Energía P6 / Potencia P1 / Pot
F/ 2024/322	02/02/20 24	FI/ 2024/00 040	31/01/20 24	924,95	B3606218 0	PAZ DISMAC, S.L.	[V11HA86040] Proyector Epson CO- W01 proyector WXGA 3000L HDMI CIE
F/ 2024/626	29/02/20 24	F001/28 1	18/02/20 24	1124	32774610 R	BEGOÑA CASTRO POSE	CHOCOLATADA CON CHURROS PARA O DÍA DO ENCENDIDO DAS LUCES DE NAVIDAD
F/ 2024/304	01/02/20 24	FI/ 2024/00 012	31/01/20 24	1266,69	B3606218 0	PAZ DISMAC, S.L.	[EVEN1454749] Ordenador sobremesa configuración comercial

20 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000006

Nº de Entrada	Data	Nº de Documeto	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
							EVEN1454749 - Placa base prime B760M-A D4-CSM ASUS -INTEL CORE
F/ 2024/1299	15/05/2024	MARIO- 75	18/12/2023	1376,1	79333256 T	MARIO MOUZO BLANCO	MANTENIMIENTO CORTE DE HERBA E RECOLLIDA EN XARDÍNS CAMELLE NO MES DE NOVIEMBRE.
F/ 2024/757	14/03/2024	2024 - 018	14/03/2024	1403,48	B1563640 0	AREA QUATRO ,S.L.	Modificado de proyecto B y Ejec para mejora del camino rural Brañas de Tasaraño
F/ 2024/755	14/03/2024	2024 -15	14/03/2024	2934,89	B1563640 0	AREA QUATRO ,S.L.	Direccion de obra de instalacion de una estacion depuradora para 250 personas en Xaviña 1ª cert y 2ª y Ultima Cert
F/ 2024/1023	15/04/2024	FT 2086	15/04/2024	3867,16	B1596696 3	TALLER ES HERMA NOS VIGO TAJES,S L	REPARAR CANALONES DESAGÜE PABELLÓN DEPORTIVO DE PONTE DO PORTO, COLOCANDO TRAMOS EN LOS EMPALMES POR UN LADO Y POR EL OT
F/ 2024/755	04/03/2024	FA 1	20/02/2024	4235	47379600	FABIAN	COLOCACIÓN DE

21 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
2024/598	24		24		Z	CARRIL MENDE Z	VENTANAS EN COLOR BLANCO REMATADAS INTERIOR E EXTERIOR EN ESCUELA DE XAVIÑA.
F/ 2024/544	28/02/20 24	SF24- 5	23/02/20 24	5009,4	32771076 D	JOSE MANUEL SOTO FIDALGO	Pavimentación en formigón na rúa Cabreira de Camariñas
F/ 2024/519	19/02/20 24	Emit- 24011	19/02/20 24	5602,48	B7057599 8	SERNOV I, S.L.	MATERIAL MARMOLERIA: Silvestre abujardado de 2cms, 2 escaleras de silvestre de 3cms apomazado, silvestre de 2cms apomaz
F/ 2024/1174	06/05/20 24	Emit- 2024161	02/05/20 24	5754,82	B1529314 5	CTNES. PONCIA NO NIETO, S.L.	IMPORTE DE LOS TRABAJOS REALIZADOS EN SU OBRA DE ACTUACIÓN ADICIONAL NO LUGAR DE CABADIÑA, SEGÚN RELACIÓN VALORADA ADJUN
F/ 2024/1070	22/04/20 24	SF24- 9	22/04/20 24	6327,59	32771076 D	JOSE MANUEL	M2 Reparación de muro de contención en finca

22 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000006

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
						L SOTO FIDALGO	municipal depuradora de Xaviña. Muro de mampostería ordinaria a una cara vi
F/2024/961	10/04/2024	2024 08	10/04/2024	8463,77	B1596134	CYMCO GALICIA	Año 2023. MI. RÍGOLA HORMIGÓN PREFABRICADO. Rigola de hormigón prefabricado color gris, de 12x40x33 cm, sobre lecho de h
F/2024/51	11/01/2024	Emit-24003	02/01/2024	17182	B7057599	SERNOV I, S.L.	obra Arou: realización de muros, facer muro de pedra, cierre de malla, hacer escaleras de hormigón e utilización de cami
F/2024/1173	06/05/2024	Emit-2024160	02/05/2024	19064,5	B1529314	CTNES. PONCIA NO NIETO, S.L.	IMPORTE DE LOS TRABAJOS REALIZADOS EN SU OBRA DE ACTUACIÓN ADICIONAL NO LUGAR DE TRASTEIRO, SEGÚN RELACIÓN VALORADA ADJU

TERCEIRO.- Aprobar conforme ó artigo 60.2 do RD 500/1990 e a Base nº 11 das de Execución do Orzamento Municipal prorrogado para o exercicio 2024 no recoñecemento

23 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

extraxudicial de crédito (expte REC 3/2024) as dietas por desprazamento correspondentes o ano 2023 a M^a Carmen Pérez Bermúdez por importe de 56,61 € e a Carmen Sanchez Mouzo por importe de 77,48€

CUARTO.- Aprobar conforme ó artigo 60.2 do RD 500/1990 e a Base nº 11 das de Execución do Orzamento Municipal prorrogado para o exercicio 2024 no recoñecemento extraxudicial de crédito (expte REC 3/2024) o gasto e recoñecer a obriga correspondente con cargo á aplicación 132.46200 do Orzamento da Corporación prorrogado para o ano 2024, por un importe total de 4.465,29 €, supeditando a súa entrada en vigor a aprobación definitiva da modificación nº 10 por suplemento nº 1/2024. Desenglobase da seguinte maneira:

CONCELL O	DATA	Nº HORAS	Nº POLICIAS	IMPORTE HORA	IMPORTE	COSTE S.SOCIAL	IMPORTE TOTAL	EVENTO
Carnota	10 de xullo	28	1	22	176€	65,37 €	241,37	Festa de San Pedro
Sta Comba	10 de xullo	28	1	22	176€	65,37 €	241,37	Festa de San Pedro
Carnota	14 e 18 de xullo	32	1	22	704€	261,47€	965,47€	Festa do Carme Camariñas
Tordoia	14 e 18 de xullo	32	1	22	704€	261,47€	965,47€	Festa do Carme Camariñas
Muxia	14 e 18 de xullo	32	1	22	704€	261,47€	965,47€	Festa do Carme Camariñas
Carnota	4 e 5 de agosto	18	1	22	396€	147,07 €	543,07€	Festa do Carme Camelle
Muxía	4 e 5 de	18	1	22	396€	147,07 €	543,07€	Festa do Carme

24 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinhas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

CONCELL	DATA	Nº	Nº	IMPOR	IMPORT	COSTE	IMPORT	EVENTO
O		HORAS	POLICIA	TE	E	S.SOCIA	E	
			S	HORA		L	TOTAL	
	agosto							Camelle

QUINTO.-Que unha vez aprobado polo Pleno da Corporación, se de traslado da presente resolución os servizos de intervención para que realicen as anotacións contables necesarias e procedan o seu pagamento unha vez sea definitiva a aprobación da modificación orzamentaria nº 10 por suplemento nº 1/2024 e modificación nº 11 por crédito extraordinario nº 1/2024

En Camariñas, asinado dixitalmente pola Alcaldesa Dª Sandra Insua Rial

Asdo.: Sandra Insua Rial

(Documento asinado dixitalmente á marxe)”

A Alcaldesa di que aprobadas as modificacións anteriores que propoñer aprobar un recoñecemento para pagar as facturas de obras, servizos e subministros, dietas e desprazamentos do persoal municipal do 2023 e presentadas no 2024 e os gastos dos convenios de apoio dos policía locais para as festas do ano pasado.

Dona Paula di que se segue cun procedemento que conta cun reparo de intervención e que levantará ela, dirixíndose a Alcaldesa, baixo a súa responsabilidade.

Don Xurxo reiterase no dito.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 8

0 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 4

1 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

25 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

7º.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2024. CONCESIÓN SUBVENCIONS NOMINATIVAS.

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Contas que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expte: 2024/T004/000001

Asunto: Incoación de expediente de concesión de subvencions nominativas.

Visto que actualmente o Concello de Camariñas non ten orzamento aprobado para o ano 2024, estando prorrogado ó do ano 2022.

Visto que como consecuencia da prórroga orzamentaria, non se recollen nos créditos iniciais consignacións para o outorgamento de subvencions nominativas.

Visto a importancia que teñen as festas como patrimonio cultural e coñecendo a labor que realizan as diferentes asociacións culturais do Concello de Camariñas, que tratan de por en valor ás diferentes parroquias do municipio realizando festas/actividades culturais e en definitiva atraendo o sector turístico tan necesario para o noso Concello.

Visto a importancia que ten o deporte para o Concello de Camariñas e sendo conscientes que o deporte é considerado de interese público, atendendo ás funcións que desempeña na sociedade, en especial nos ámbitos de educación, de formación, da cultura, da saúde pública, na cohesión social e tamén no respecto ao medio ambiente.

Visto que para a súa mellor realización da súa actividade é necesaria a colaboración económica por parte do Concello de Camariñas.

Por todo o anterior, faise necesario modificar as bases de execución do orzamento 2024 (prorrogado ó do ano 2022) e conceder as seguintes subvencions nominativas:

26 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
338/480.00	Asociación cívica, cultural, deportiva e recreativa “Virxe do Carme” de Camariñas	10.000 €	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación de Festas de San Pedro do Ponte do Porto	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Espírito Santo de Camelle	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural San Xorxe de Buria	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Os Bartolos de Arou	1.700	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación de Veciños Casoliño	1.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Reghos dos Cuiros	2.500	Convenio	Postpagable
419/48000	Cofradía de pescadores “Virxe do Monte”	3.000	Convenio	Postpagable
419/48000	Cofradía de pescadores de Camelle	800	Convenio	Postpagable
432/48000	Asociación de Empresarios e de promoción turística de Camariñas.	2.000	Convenio	Postpagable
432/48000	Asociación Medioambiental Mar de Fábula	1.500	Convenio	Postpagable
341/48000	Fútbol Club Camariñas	3.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Club Balonmán de Camariñas	2.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Club de Fútbol Porteño	3.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Sociedade Deportiva de Camelle	3.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Escola de fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo	7.000	Convenio	Postpagable
439/48001	Asociación Profesional Palilleiras Puntillas de Camariñas	1.000	Convenio	Postpagable
439/48001	Asociación Palilleiras Rendas de Camariñas	1.000	Convenio	Postpagable

27 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Estas subvencións, irán destinadas previa sinatura dos convenios correspondentes a financiar a realización de actividades/festas.... que serven para promocionar o patrimonio cultural e deportivo do Concello de Camariñas.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 21/05/2024, de desconformidade por entender que deberían ser obxecto de concorrência competitiva, non obstante, entende esta Alcaldía que dado as razóns de interese público e social que concorren nestas subvención, quedan acreditados os extremos recollidos na lei de subvención de Galicia, e polo tanto pode procederse a súa concesión.

Conforme o anterior, teño a ben propoñer ó Pleno do Concello de Camariñas, previo informe da Intervención Municipal:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Subvencións do Orzamento para o exercicio 2024, cuxa redacción é a seguinte:

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
338/480.00	Asociación cívica, cultural, deportiva e recreativa “Virxe do Carme” de Camariñas	10.000 €	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación de Festas de San Pedro do Ponte do Porto	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Espíritu Santo de Camelle	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural San Xorxe de Buria	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Os Bartolos de Arou	1.700	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación de Veciños Casoliño	1.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Reghos dos Cuiros	2.500	Convenio	Postpagable
419/48000	Cofradía de pescadores “Virxe do Monte”	3.000	Convenio	Postpagable
419/48000	Cofradía de pescadores de Camelle	800	Convenio	Postpagable
432/48000	Asociación de Empresarios e de	2.000	Convenio	Postpagable

28 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

	<i>promoción turística de Camariñas.</i>			
432/48000	Asociación Medioambiental Mar de Fábula	1.500	Convenio	Postpagable
341/48000	Fútbol Club Camariñas	3.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Club Balonmán de Camariñas	2.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Club de Fútbol Porteño	3.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Sociedade Deportiva de Camelle	3.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Escola de fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo	7.000	Convenio	Postpagable
439/48001	Asociación Profesional Palilleiras Puntillas de Camariñas	1.000	Convenio	Postpagable
439/48001	Asociación Palilleiras Rendas de Camariñas	1.000	Convenio	Postpagable

SEGUNDO. *Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.*

TERCEIRO. *Considerar elevado a definitivo este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha; previa entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria nº 11/2024 mediante crédito extraordinario.*

CUARTO. *Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.*

En Camariñas, a Alcaldesa:

Sandra Insua Rial.”

A Alcaldesa explica que propoñen conceder subvencións nominativas de 24.200 para as festas patronais, 18.000 para clubs deportivos, 3.800 para a cofradía de pescadores, 2.000 para asociacións de empresarios, 2.000 para asociación de palilleiras e 1.500 para Mar de Fábula.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Dona Paula toma a palabra para dicir que do informe entende que é necesaria a modificación das bases porque non hai orzamento, están a favor das subvencións, pero por este motivo vanse abster.

Don Xurxo di que el está a favor de que se den subvencións, é mais, hai situacións excepcionais, que o Concello debería facer un esforzo, como é o caso da subvención á Cofradía da Virxe do Monte, que ten unha situación excepcional das que a norma permite que se poidan atribuír, e incluso podería poñerse mais diñeiro, pero no resto se podería afondar un pouco mais, e intentar poñer un pouco mais para que as asociacións se impliquen en mellorar e di que vai votar a favor, porque son necesarias, e que logo afondará un pouco mais no punto de aprobación do plan estratéxico.

A Alcaldesa di que no informe de intervención tamén pon que a Cofradía non é competencia municipal, e por ese motivo igual tamén ten informe de reparo e o equipo de goberno decide axudar ao sector porque non teñen quen acuda a eles.

A Alcaldesa continua dicindo que xa houbo experiencia de subvencións de concorrencia competitiva e aos clubs custáballes o papeleo, e que ela entende que era mellor concorrencia competitiva, pero non gustou a experiencia. Don Xurxo di que habería que simplificar os trámites.

Dona Paula sinala que aquí deberían aportar todos e que a Xunta vai sacar novas axudas, pero non é so competencia da Xunta, aquí o goberno central pode declarar zona catastrófica.

Don Xurxo comenta que cando se prometan axudas hai que pagalas cando dis que as das, e dona Paula di que se pagaron rápido, un mes antes do prazo e as que tardaron estaban pendentes de documentación.

Don Xurxo di que o problema da ría de Camariñas non é un problema de declaración de zona catastrófica, e pregunta onde están os estudos da Xunta dos últimos anos, que é competencia deles.

Iniciase un debate acerca de cal é o problema da ría de Camariñas entre dona Paula e don Xurxo.

Don Sergio toma a palabra para dicir que na súa opinión a Xunta debería estudar que é o que está pasando e dona Paula di que xa o están estudando, don German di que levan cinco anos estudando. Iniciase un debate entre don German e dona Paula sobre quen deu cartos para solucionar o problema e cales son as medidas a adoptar.

Don Xurxo di que a Xunta é quen ten as competencias e nos últimos anos non fixo nada, e non é un problema de zona catastrófica, a ría é unha catástrofe e non se sabe porque, e ise é problema e a Xunta non ten ningún estudo. Don Sergio di que nunca se deu un caso como este e



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

habería que buscar o porque e dona Paula di que os biólogos que o están estudando non dan co problema.

A Alcaldesa di que ningún dos que están presentes ten capacidade para saber o que está pasando e que ela so sabe que os veciños de Camariñas o están pasando mal. Don Juan Carlos toma a palabra para dicir que se os biólogos non dan co problema e terán que mirar ata que dean co factor.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 9

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 3

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

8º.- APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS PARA O ANO 2024

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Contas que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: *Aprobación Plan Estratégico de Subvencions 2024.*

EXPEDIENTE N°: 2024/X999/000216

Sandra Insua Rial, alcaldesa do Concello de Camariñas, dada a necesidade de aprobación dun Plan estratéxico de subvencions é fixar as liñas de actuación no outorgamento das mesmas o que

31 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



debe ser acorde cos principios reguladores da lei de subvencións, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Plan Estratéxico de Subvencións 2024 que de seguido se detalla, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024

1. INTRODUCCIÓN.

1.1. Antecedentes legais.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) introduciu unha nova obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera entes públicos responsables da xestión de subvencións, elaborar un plan estratéxico de subvencións (en adiante, PES), no que se deberán concretar os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Con esta medida, penetran na área da actividade administrativa de fomento as técnicas de planificación estratéxica propias do sector privado e que foron incorporadas progresivamente como ferramentas de programación e xestión nas dúas últimas décadas no sector público español. Con isto preténdese dar resposta ás esixencias constitucionais dunha xestión eficiente e eficaz dos recursos públicos, coherente, polo tanto, co resto de ferramentas de programación e planificación orzamentaria ou sectorial que se poidan aprobar. Así, de acordo co artigo 103 da Constitución:

“la Administración Pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación con sometimiento pleno a la ley y al Derecho”,

principios ligados aos expresados no artigo 31.2 da propia norma constitucional, en relación co gasto público, ao que se lle esixe realizar **“una asignación equitativa de los recursos públicos y su programación y ejecución responderán a los criterios de eficiencia y economía”**.



O artigo 8 da LXS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos PES, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse do mesmo e os efectos do seu incumprimento.

Hai que ter en conta ademais a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, de 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas relativos a políticas públicas que estean previstas en Normas legais ou regulamentarias, terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencións sempre que recollan o contido previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003.

O Concello de Camariñas en agosto do 2023 aprobou o seu primeiro PES, cun horizonte de vixencia de dito exercicio. Polo que agora se fai necesario aprobar o PES para o exercicio 2024, tendo en conta os obxectivos deste ano do Concello en materia subvencional.

1.2. Obxectivos xerais pretendidos coa aprobación do PES do Concello de Camariñas.

A elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións do 2024 debe concibirse como un verdadeiro exercicio que permita realizar unha auténtica planificación estratéxica das políticas públicas de contido subvencional desenvolvidas polo municipio.

Fronte a unha concepción formal do PES, o Concello de Camariñas quere dotarse con este novo plan, dun auténtico Plan Estratéxico de Subvencións, que non só dea cumprimento formal e materialmente ao previsto no artigo 8 da LXS, senón que sexa un instrumento de xestión útil para todos os tramitadores de subvencións e un compromiso cos veciños e veciñas do concello. Así o esixe a legalidade, pero tamén o actual contexto de consolidación fiscal e de austeridade no gasto público.

*Un auténtico PES é a ferramenta para conseguir unha **maior eficacia** no cumprimento dos obxectivos da actividade subvencional que os entes municipais levan a cabo e unha maior eficiencia na asignación do gasto público, e para isto deben racionalizarse e, no seu caso, simplificarse as actuacións subvencionais desenvolvidas polo Concello, o que sen dúbida debe de converterse nun obxectivo tanto político como técnico.*



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Tendo presente todo o anterior, a elaboración de un PES 2024 do Concello de Camariñas pretende a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Dotar a cada departamento municipal dun **instrumento de planificación das políticas públicas** que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha utilidade pública relacionada coas materias da competencia de cada área.
- Desde unha perspectiva económica-financeira, definir **instrumentos de xestión máis uniformes** no conxunto de todas as áreas que permitan mellorar a eficacia e a eficiencia das subvencións.
- Desde a perspectiva da transparencia, acceso á información pública e bo goberno, preparar ao concello para as novas obrigas que se derivarán da futura normativa sobre estas materias.

O seguimento e avaliación deste segundo Plan debe de ser executado na súa integridade. A execución do mesmo permitirá, sen dúbida algunha, a mellora e o perfeccionamento dos plans estratéxicos de subvencións que se realicen no futuro.

2. PRINCIPAIS ELEMENTOS DO CONTIDO DO PES DO CONCELLO DE CAMARIÑAS

2.1. Ámbito subxectivo: un PES único para o Concello de Camariñas.

Como xa indicamos na introdución o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, introduciu unha obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera entes públicos responsables da xestión de subvencións elaborar un plan estratéxico de subvencións, no que deben concretarse os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O citado artigo 8, foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

incumprimento, que se ben non resulta aplicable aos Concellos (tal e como se indica na súa exposición de motivos), recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

Dito plan estratéxico deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se planten deberán estar recollidas no Plan estratéxico de subvencións municipais, circunstancia que xa ocorreu, durante a vixencia do primeiro PES.

*De acordo co Regulamento da LXS, ha de aprobarse un plan estratéxico para cada Ministerio, que abarcará as subvencións tanto dos seus órganos como dos organismos e demais entes públicos a el vinculados. Extrapolado ao ámbito municipal, calquera subvención que sexa outorgada polos departamentos municipais debe de estar recollida neste plan estratéxico, é dicir o **ámbito deste plan sería todas as áreas municipais.***

2.2. Periodo de vixencia.

*De acordo co artigo 11.4 do Regulamento da LXS, os plans estratéxicos conterán previsións para un periodo de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente. Tendo presente esta previsión regulamentaria non é aplicable directamente aos municipios, e dado que os obxectivos poden ir variando ano a ano, **o período de vixencia deste Plan será para o exercicio 2024, sen prexuízo da súa prórroga en tanto en canto non se aprobo un novo plan.***

2.3. Competencias do Concello de Camariñas o e obxectivos estratéxicos do PES.

As competencias nas que se vai desenvolver o plan estratéxico son as seguintes:

Acción Social
Comercio
Promoción cultural
Festexos e tradicións populares
Promoción e fomento de deporte
Outras. Sector pesqueiro

35 / 72



Ademais a aprobación deste plan persigue os seguintes obxectivos:

- *Levar a cabo unha profunda modernización do concello en materia de subvencións e aposta por simplificación e maior control das mesmas.*
- *A consecución dunha maior eficacia e eficiencia na xestión pública.*
- *Maior transparencia das mesmas que farán que cada un dos veciños sexa consciente de como se empregan os recursos municipais e cal é o fin dese destino dos recursos.*

2.4. Estabilidade orzamentaria e austeridade no gasto público.

O PES do concello de Camariñas 2024 debe ser coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria que se establece para eses exercicios. Non pode ser doutro modo, dada a importancia política, económica e constitucional do obxectivo de estabilidade orzamentaria, que está contido no noso bloque interno de constitucionalidade e forma parte dos nosos compromisos irrenunciáveis coa Unión Europea.

Neste senso, debe recordarse que o obxectivo da estabilidade orzamentaria se inclúe expresamente no artigo 135 da Constitución mediante a reforma aprobada o 27 de setembro de 2011:

“Todas las Administraciones Públicas adecuarán sus actuaciones al principio de estabilidad presupuestaria”.

Esta previsión constitucional foi desenvolvida mediante a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cuxo artigo 7 é interesante recordar:

“1. Las políticas de gasto público deberán encuadrarse en un marco de planificación plurianual y de programación y presupuestación, atendiendo a la situación económica, a los objetivos de política económica y al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

2. La gestión de los recursos públicos estará orientada por la eficacia, la eficiencia, la economía y la calidad, a cuyo fin se aplicarán políticas de racionalización del gasto y de mejora de la gestión del sector público.



3. Las disposiciones legales y reglamentarias, en su fase de elaboración y aprobación, los actos administrativos, los contratos y los convenios de colaboración, así como cualquier otra actuación de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de esta Ley que afecten a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, deberán valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse de forma estricta al cumplimiento de las exigencias de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera”.

Previsións constitucionais e legais que se completan co disposto no artigo 9 LXS, onde se dispón expresamente que os Plans Estratéxicos de Subvención se supeditarán en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

3. CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Camariñas., realizarase de forma anual, en dous aspectos:

- **Control económico-financieiro** das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención municipal, e que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.
- **Control e seguimento do Plan** que será elaborado pola intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos xestores do procedemento de concesión das subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación financeira. Recopiladas estas se emitirá informe por parte da intervención municipal e se integrara no informe da avaliación que aprobara a comisión. Finalmente de todas estas actuacións se dará conta ao pleno.

4. APROBACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA DO PES 2024 DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

4.1. Aprobación do PES 2024 do Concello de Camariñas.



O órgano competente para la aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións é o Pleno municipal, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica, de acordo co previsto no apartado e) do artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

4.2. Publicidade do PES 2024.

O acordo plenario pola que se proceda á aprobación do PES 2024 será obxecto de publicidade polo prazo de 15 días hábiles no BOP e será remitido os funcionarios/as encargados de tramitar as subvencións municipais así como os responsables políticos do Concello.

Igualmente, o PES 2024, así como as súas actualizacións e informes anuais de avaliación, se publicarán no portal de transparencia da páxina web municipal, séndolle de aplicación así mesmo calquera outras disposicións en materia de información e transparencia previstas en cada momento no ordenamento xurídico.

4.3. Transparencia

Todas as subvencións concedidas polo concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na web municipal no Taboleiro de anuncios físico, no Boletín Oficial correspondente, cando sexa necesario, e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando o beneficiario, a contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinado.

5. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS CUXO ARTICULADO FIGURA A CONTINUACIÓN.

Artigo 1.

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2024 axustarase ao previsto no presente Plan.

Artigo 2.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.

Artigo 3

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

Artigo 4

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos.

Artigo 5

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Artigo 6

As materias que o Concello de Camariñas pretende subvencionar son as seguintes:

2024

- *Acción social: emerxencias sociais,....*
- *Cultura: premios de entroido, premios do Certame das Letras Galegas, premios destinados ós Nove deseñadores da Mostra de Encaixe, asociacións de festas, asociacións culturais...*
 - *Deportes: asociacionismo deportivo, clubs deportivos,...*
 - *Comercio*
 - *Turismo*
 - *Sector pesqueiro, mediante a concesión de subvención ás cofradías de pescadores,....*

Artigo 7

39 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

En materia de **acción social**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) colectivos desfavorecidos:

a) **Obxectivos:** se pretende facer fronte as necesidades de emerxencia social para aqueles casos nos que se necesita unha resposta inmediata en situacións de clara necesidade de intervención inmediata mellorando a súa calidade de vida do usuario e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar emerxencias sociais.

c) **Custos previsibles:** 7.000€ (6.000 € para gastos correntes e 1.000 € para gastos de inversións, como mobiliario,...)

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto e sétimo do orzamento de gastos do Concello.

e) **Plan de acción:** colaboración coas distintas entidades que se financian e mediante a concesións de axudas de emerxencia social ou convocatorias de subvencións de necesidades previstas.

f) **Informes sociais:** a concesión de ditas subvencións deberán contar cun informe previo da traballadora social que xustifique a urxencia e necesidade da mesma, e deberá realizar un plan de seguimento dos diferentes usuarios/beneficiarios das mesmas.

Artigo 8

En materia de **cultura**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) premios:

A.1) Premios Entroido/ Certame letras galegas/Concurso Noveis Diseñadores

a) **Obxectivos:** Impulsar e achegar á poboación a creación artística a través de concursos

b) **Efectos pretendidos:** fomento cultura popular, fomento da Mostra de Encaixe

d) **Custos previsibles:** 5.400€ para 2024 para gastos de entroido, 580 € premios letras galegas, e 4500 € (Premios Mostra)

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** liñas de concursos.

40 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

B) Asociacións culturais/festas

Obxectivos : impulsar a actividade cultural/festas do municipio

Efectos: fomento da cultura/festas e en definitiva o patrimonio cultural do Concello

Custos: 24.200 €

Financiamento: O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

Plan de acción: colaboración no sostemento das actuacións de distintas asociacións culturais do municipio.

Artigo 9

En materia de deportes, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) Fomento das Prácticas Deportivas:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos...

b) **Efectos pretendidos:** Financiar parte da adquisición do material deportivo e o gastos necesarios para a práctica do deporte no Municipio, o incremento de persoas que se inscriban nas diferentes Federacións deportivas, que se realice un maior número de competicións a nivel municipal, a realización de máis actividades e eventos deportivos no Municipio...

d) **Custos previsibles:** 18.000 €

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento do deporte mediante a colaboración con entidades que sen ánimo de lucro incentiven o deporte e a súa promoción.

Artigo 10

En materia de comercio e turismo, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

a) **Obxectivos:** Dinamizar o turismo do Concello de Camariñas, potenciando os grandes valores que ten non só o Concello, senón toda a Costa da Morte.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

b) **Efectos pretendidos:** Atraer a turistas e darlles a coñecer as grandes riquezas do noso entorno, o que terá efectos benéficos nos negocios e diferentes comercios do noso municipio e arredores.

d) **Custos previsibles:** 6.500 €

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento do turismo e promoción do comercio mediante a colaboración con entidades que sen ánimo de lucro incentiven a súa promoción.

Artigo 11

Atención a outros sectores prioritarios no noso Concello, como é o sector da Mostra de Encaixe e o sector da pesca.

a) **Obxectivos:** Axudar a dous sectores que conforman un patrimonio fundamental no noso Concello, como é a Mostra e O sector da Pesca.

b) **Efectos pretendidos:** Axudar a ditos colectivos, para darlles un impulso que lles permita seguir coa a súa actividade que tanto repercute no noso Concello.

d) **Custos previsibles:** 5.800 €

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento da Mostra e da Pesca, colaborando coas diferentes asociacións e cofradías.

Artigo 12

O Concelleiro competente por razón da materia ou a Alcaldesa no seu caso efectuará o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia.

Artigo 13

Finalizada a vixencia do Plan, antes da elaboración do seguinte a Alcaldesa deberá presentar ante o Pleno nunha Memoria na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratégico de Subvencións.

Anexos:

42 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

1. Anexo de subvencións nominativas do Orzamento Municipal do Concello de Camariñas para 2024 dentro do orzamento prorrogado do 2022.

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
338/480.00	Asociación cívica, cultural, deportiva e recreativa “Virxe do Carme” de Camariñas	10.000 €	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación de Festas de San Pedro do Ponte do Porto	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Espíritu Santo de Camelle	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural San Xorxe de Buria	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Os Bartolos de Arou	1.700	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación de Veciños Casoliño	1.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Reghos dos Cuiros	2.500	Convenio	Postpagable
419/48000	Cofradía de pescadores “Virxe do Monte”	3.000	Convenio	Postpagable
419/48000	Cofradía de pescadores de Camelle	800	Convenio	Postpagable
432/48000	Asociación de Empresarios e de promoción turística de Camariñas.	2.000	Convenio	Postpagable
432/48000	Asociación Medioambiental Mar de Fábula	1.500	Convenio	Postpagable
341/48000	Fútbol Club Camariñas	3.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Club Balonmán de Camariñas	2.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Club de Fútbol Porteño	3.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Sociedade Deportiva de Camelle	3.000	Convenio	Postpagable
341/48000	Escola de fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo	7.000	Convenio	Postpagable
439/48000	Asociación Profesional Palilleiras	1.000	Convenio	Postpagable

43 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

	<i>Puntillas de Camariñas</i>			
439/48000	<i>Asociación Palilleiras Rendas de Camariñas</i>	1.000	<i>Convenio</i>	<i>Postpagable</i>

SEGUNDO.-*Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, por un prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poden presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.*

Publicar así mesmo, na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO.- *Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto as modificacións derivadas da resolución das alegacións, no caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Plan no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional.*

CUARTO.- *O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] deste Plan, co texto íntegro da mesmo, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.*

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Camariñas

Sandra Insua Rial”

A Alcaldesa explica que propoñen a aprobación do plan estratéxico de subvencións onde se atopan as subvencións anteriores, e regúlase tamén as accións sociais de colectivos desfavorecidos, os premios de entroido, letras galegas o concurso de deseñadores da Mostra de Encaixe.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Dona Paula toma a palabra para dicir que aprobamos un plan de subvencións co obxecto de estabilidade orzamentaria, pero non temos orzamento, empezamos a casa polo tellado e vanse abster pola forma de xestión, pero están de acordo en que se dean as axudas.

Don Xurxo toma a palabra para dicir que se podería afondar no tema do réxime competitivo e darlle unha volta, separar un pouco mais as cousas, e establecer o Plan para as cousas que se repiten sistematicamente, para incitar que os colectivos se impliquen.

A Alcadesa di que agora mesmo as asociacións son do mellor que hai, porque fan un traballo enorme e o que menos quere é darlles mais traballo e dar lugar a unha competencia entre elas e a veces a concorrencia competitiva xera un problema social entre elas.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 3

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

9º.- APROBACIÓN DE RETRIBUCIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Contas que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DE DITAME

Visto que o Pleno deste Concello de Camariñas, en sesión extraordinaria celebrada o día 8 de febreiro de 2024, acordou delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de

45 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local deste Concello, así como aprobar o "Convenio tipo para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais".

Visto que en data 20 de febreiro de 2024 foi asinado o Convenio entre o Concello de Camariñas e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías de corpos de policía local, e ás prazas de auxiliares de policía local.

Visto que en data 22 de febreiro de 2024 o Concello de Camariñas remite Modelo de comunicación das prazas a convocar de Auxiliares de Policía Local, no que se solicitan dúas prazas de auxiliar para a tempada de verán.

Visto que con data 23/05/2024, recibíuse a notificación por parte da Agasp, na que se comunica a selección dos candidatos que foron seleccionados para exercer o posto de auxiliar de policía na tempada de verán no Concello de Camariñas.

Visto que conforme a Lei de Bases de Réxime Local, a fixación das retribucións fixas e periódicas é competencia do Pleno do Concello.

Tendo en conta as funcións a realizar, así como os distintos factores utilizados na valoración dos diferentes postos contidos na Relación de postos de traballo.

Conforme o anterior esta Alcaldía no uso das súas atribucións, propón a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Establecer as seguintes retribucións os auxiliares de policía local:

Retribucións básicas: 702,92 €;

Retribucións complementarias: 580,27 €

Segundo.- *Dar conta o departamento de intervención-tesourería, para que se teña en conta o configurar as nóminas correspondentes.*

En Camariñas, A Alcaldesa

Sandra Insua Rial

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE"

A Alcaldesa explica que se propón a aprobación das retribucións dos auxiliares de policía

46 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

local, que empezarán para o día 20, que os envía a AGASP en base a delegación que aprobou o pleno de febreiro, e que para fixar o mesmo se basearon nas retribucións dos auxiliares dos Concellos limítrofes e é similar aos do grupo C2 do noso Concello e informa que os seleccionados xa se puxeron en contacto coa Alcaldía.

Dona Paula confirma as retribucións e don Manuel pregunta de que municipio son e a Alcaldesa contesta que son de fora.

Don Xurxo recorda que no caso de que non estean acompañados por Luis a responsabilidade é da Alcaldía e pregunta se contemplase a posibilidade de contratar un policía de maneira continua. A Alcaldesa di que si, que van probar este ano e despois se valorará a posibilidade de sacar unha praza de policía a concurso.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

10º.- MOCIÓNS DE URXENCIA

10.1.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO BNG “STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO

Consta no expediente, a moción presentada polo representante do grupo municipal BNG, en data 4 de maio de 2024, rexistro de entrada 202499900000349, procedéndose a votar a urxencia

47 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

da mesma co seguinte resultado

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, procédese a lectura da moción que continuación se transcribe:

“MOCIÓN DO GRUPO MIXTO BNG "STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO”

MOCIÓN

“Xurxo Manuel Rodríguez Baña, presenta en nome da CIG e ao abeiro do Regulamento, presenta a seguinte moción, para o seu debate en pleno sobre Propostas da CIG na Campaña STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO que estamos a impulsar , e que sinala o seguinte:

Hai dous anos da aprobación da última reforma laboral (Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro) coa que nace unha nova reforma coa gravidade de non derogar as anteriores, especialmente a de Raxoi do 2012, que tantos recortes e danos vén causando aos dereitos da clase traballadora.

Desde a súa entrada en vigor confírmase mes a mes o que estivemos denunciando que sucedería no momento da aprobación. Novas modalidades de contratación polas que se multiplica a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo, mudando as estatísticas pero non a realidade. Imponse a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais, que se ven sensibelmente reducidos. Ao mesmo tempo, permítese o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, de xeito que os contratos se rescinden por non superar o período de proba, sen ningún tipo de indemnización, operando para todos os efectos como un despedimento libre. Por

48 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000006

último, refórzase o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.

Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes, a continuidade das desigualdades de xénero e a extensión dos baixos salarios mentres a patronal dispón de máis mecanismos legais para empeorar as nosas condicións laborais e salariais. Así, deste xeito, as empresas transfíren ao sector público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego.

O resultado é unha clase traballadora empobrecida, xa que se instaura por lei a inestabilidade e inseguridade laboral e se institucionaliza a pobreza laboral. Ter traballo xa non permite os ingresos necesarios para vivir dignamente e poder acceder a dereitos básicos como alimentación e vivenda. Son especialmente exemplo desta realidade, a mocidade e as mulleres, convertidas en man de obra barata, parecendo non ter fin a fenda salarial.

A acción dos gobernos e da política laboral debe superar o centralismo español, a submisión aos principios neoliberais e que o economicismo dite a regulación e aplicación dos dereitos sociais.

A importancia na protección dos dereitos da clase traballadora ten relación directa con poder facer fronte con xustiza social aos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do traballo, sobre todo en Galiza, ante a descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na economía, en que se intensifica o proceso de valorización do capital mentres que se desvaloriza o traballo, acelerando a concentración da riqueza en menos persoas, en territorios máis lonxe de Galiza, ao tempo que vai a máis o risco da exclusión social e dun elevado e estrutural desemprego.

Son urxentes medidas para rematar coa precariedade, o abuso da contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores de actividade tanto do ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas.

Por último, no pleno do Congreso dos Deputados do pasado 10 de xaneiro, un dos tres decretos sometidos a votación, non saíu adiante e fixo que non se aprobase a prioridade aplicativa dos convenios colectivos autonómicos.

Compre xa facer realidade un piar básico do Marco Galego de Relacións Laborais e poder exercer o dereito decidir e negociar en Galiza os nosos convenios colectivos, as nosas condicións de traballo, de forma directa e democrática, con solucións xustas á nosa realidade laboral,

49 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

social, industrial, económica e demográfica.

Por todos estes motivos, solicítase ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

1.- Reclamar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra.

2.-Demandar do Goberno español a derogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.

3.- Instar ao Goberno galego e español a aprobación dos cambios legislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social.

4.- Instar ao Goberno español á aprobación inmediata dun novo Decreto para a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios colectivos e acordos marcos autonómicos de acordo á modificación dos apartados 3 e 4 do artigo 84 que contemplaba o apartado dous do artigo primeiro do Decreto 7/2023, de 19 de decembro.

Así mesmo, reclamar ao Goberno galego e español un acordo para completar as transferencias a Galiza das competencias pendentes para poder exercer todas as funcións en materia de lexislación e xestión do traballo, o emprego, formación e recoñecemento de prestacións. Transferencia íntegra da formación para o emprego”.

A Alcaldesa pregunta que cando di no pleno do Congreso dos Deputados do pasado 10 de xaneiro, un dos tres decretos sometidos a votación, non saíu adiante e fixo que non se aprobase a prioridade aplicativa dos convenios colectivos autonómicos, se sabe quen foi quen non votou.

Don Xurxo di que non o recorda e a Alcaldesa di que ela vaise abster, porque non sabe que votar nunha moción así.

*Don Manuel toma a palabra para dicir que a moción di *reclamar ao Goberno galego emprego digno* e di que pode dar cifras do que está a facer o goberno galego actualmente e mais concretamente nos últimos 14 anos e enumera unha serie de datos relativos ao paro, as afiliacións,*

50 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

taxa de paro e taxa de ocupación. E di que o fixo discontinuo se incrementou, e iso está mal, pero que os contratos temporais diminuíron en favor dos fixos. Tamén di que se reforza o papel das ETT en detrimento do servizo público de emprego e pregunta se o traballo que consegue unha ETT non sirve e di que o diario Público ven a dicir que o traballo encontrado por unha ETT ten que ser fixo despois de dous anos, mentres que o encontrado polo servizo público de emprego non e que non entende porque en contra das ETT e en canto a patronal di que tamén teñen que pagar mais salario e seguridade social. E conclúe dicindo que o ve como un discurso nacionalista e que non poden votar a favor, que vansen abster.

A Alcaldesa di que ela non vai a entrar a debate.

Don Xurxo engade que debería facerse un Regulamento de participación cidadá para que cando un colectivo presente unha proposta sexa o colectivo o que a defenda, porque hai veces que teñen matices que so transmiten eles.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 1

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 11

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría simple

Estado: Aprobada.

10.2.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALIZA A MODIFICAR A LEI 6/2007, DE PORTOS DE GALIZA, EXIMIR OS CONCELLOS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO PAGO POLA UTILIZACIÓN DE TERREOS PORTUARIOS.

51 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Consta no expediente, a moción presentada polo representante do grupo municipal BNG, en data 25 de abril de 2024, rexistro de entrada 202499900000328, procedéndose a votar a urxencia da mesma co seguinte resultado:

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, o voceiro do grupo mixto BNG procede a lectura da moción que continuación se transcribe:

“MOCIÓN DO GRUPO MIXTO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALIZA A MODIFICAR A LEI 6/2007, DE PORTOS DE GALIZA

Xurxo Manuel Rodríguez Baña, portavoz do Grupo municipal do BNG-grupo mixto no concello de Camariñas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN.

Exposición de motivos:

O Ente público Portos de Galicia ingresou no exercicio 2022 (último dispoñíbel na súa páxina), en concepto de “Canons-Concesións e autorizacións”, 2.889.364 euros. Este apartado é o segundo que máis ingresos correntes proporciona a esta entidade anualmente, despois da taxa X-4 por desembarco de pesca fresca (5.008.871 euros no 2022), e aporta un 16,9% ao total dos ingresos de xestión ordinaria de Portos de Galiza nese ano (17.062.216 euros).

Aínda que Portos non descompón cal é a cifra exacta correspondente ás concesión e cal ás autorizacións, o certo é que os concellos veñen abonándolle cantidades moi importantes pola utilización do dominio público portuario. Ademais das elevadas contías, os concellos tamén soportan a nefasta xestión de Portos en canto ao seu cobro. E así, recentemente, coñecemos que

52 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

veñen de requirírselles as cantidades correspondentes aos dous últimos anos pola utilización do espazo portuario que, segundo Portos, sufriron retraso por mor de falta de persoal, un argumento que entendemos totalmente inxustificábel.

Todas as administracións, Portos de Galicia tamén, teñen mecanismos abondo para a contratación de persoal e, polo tanto, para non actuar en detrimento e causar prexuízos aos administrados, neste caso aos concellos e noutras ocasións, como xa ten ocorrido, aos profesionais.

E non só é o retraso e a acumulación de dúas anualidades. Tamén erros non menores nas liquidacións, que requiren de explicacións e de maior claridade e transparencia nas mesmas.

O BNG vén insistindo no máis que evidente afán recadador da Lei de Portos de Galiza, as tarifas abusivas que se cobran pola realización de actividades en terreo público portuario que, na maioría dos casos, correspóndese con espazos integrados na trama urbana dos concellos e onde son estes os que se encargan da súa limpeza e mantemento durante todo o ano.

As múltiples actividades inseridas na dinámica social local, como festas, eventos deportivos ou mercados, deben pagar unhas taxas excesivas para poder levarse a cabo. A inmensa maioría realízanse en espazos urbanos que, malia estaren baixo a titularidade de Portos, nada teñen que ver coa actividade portuaria nin Portos contribúe en nada ao seu mantemento máis básico.

Polo anteriormente exposto, o portavoz do BNG do concello de Camariñas presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, proponendo a adopcións dos seguintes

ACORDOS:

1.- Solicitar ao goberno da Xunta de Galiza a:

a.- Non aplicación dos artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galiza, ás autorización para instalación de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, de xeito que queden exentas do pago de taxas pola realización de actividades no dominio público portuario.

b.- A exoneración do pago polo uso das infraestruturas sen uso portuario cedidas ao concello.

c.- Pór en marcha todos os mecanismos necesarios para que a acumulación dos cobros de taxas e canons por parte de Portos de Galiza non volva a ocorrer e se eviten os prexuízos que se están a causar.

53 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

A Alcaldesa di está totalmente de acordo e que engadiría que sobre todo nas festividades do Carme non se pagara.

Don Xurxo di que as vilas naceron ao redor dos portos e que Portos só ten afán recadatorio, cando ás veces é o porto é o único espazo libre. Don Manuel pregunta a don Xurxo e a dona Sandra se sabe o que se fai noutras comunidades e eles din que non e dona Sandra di que ela o único que sabe é que os pantaláns dan vergoña e que o que recadan que polo menos o invistan nos portos. Dona Paula di que xa está aí o material para arranxalo.

Don Sergio di que a asociación de festas de Camelle, no ano 2022 pago un aval importante para facer a festa, que se devolveu hai un mes e pide que se engada que as entidades sen ánimo de lucro non teñan que constituír aval ou no seu caso que Portos se comprometa a devolvelo ao mes. E don Xurxo di que non debería ser necesario, porque moitas veces son actividades menores.

Dona Paula di que respecto do primeiro punto o que se pide é que se incumpra a lei, e que en todo caso debería pedirse unha modificación. Don Xurxo di que se substitúa a expresión non aplicación por a expresión modificación. Dona Paula continua dicindo que no punto b, sinala que hai bonificacións e con respecto aos atrasos Portos vai licitar unha ferramenta dixital para xestionar este tema e propón quitar o punto c) e don Xurxo di que non se quita.

A Secretaria da lectura a parte resolutiva da moción coas emendas propostas e que queda redactada do seguinte xeito:

“a.- A modificación dos artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galiza, ás autorización para instalación de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, de xeito que queden exentas do pago de taxas e avais pola realización de actividades no doinio público portuario.

b.- A exoneración do pago polo uso das infraestruturas sen uso portuario cedidas ao concello.

c.- Pór en marcha todos os mecanismos necesarios para que a acumulación dos cobros de taxas e canons por parte de Portos de Galiza non volva a ocorrer e se eviten os prexuízos que se están a causar.

d.- No caso de non cumprir o punto a) que polo menos quede exonerado do pago das taxas as festas patronais do Carme en toda Galicia.”.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

54 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000006

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 3

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Aprobada.

10.3.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO BNG PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORIA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI

Consta no expediente, a moción presentada polo representante do grupo municipal BNG, en data 29 de abril de 2024, rexistro de entrada 202499900000334, procedéndose a votar a urxencia da mesma co seguinte resultado:

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, o voceiro do grupo mixto BNG procede a lectura da moción que continuación se transcribe:



“MOCIÓN PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI

*Xurxo Manuel Rodríguez Baña, portavoz do Grupo municipal do BNG-grupo mixto no concello de Camariñas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte **MOCIÓN**.*

Exposición de motivos:

1. A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganoso, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá un fortísimo impacto no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:

- **Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme** polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas

- **Terá un impacto ambiental crítico** nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

- **Terá un impacto fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago** e noutros bens culturais da contorna.

- **Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla** e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do



río Ulla como da ría de Arousa.

- **Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna**, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

- **Condicionará de maneira decisiva a política forestal**, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. **É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza**. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, **a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal** e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.

4. **Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles** cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Polo anteriormente exposto, o portavoz do BNG do concello de Camariñas presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopcións dos seguintes **ACORDOS**:

1. **Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri** porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.

2. **Dirixirse á Xunta de Galiza para que impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico a multifuncionalidade do monte**, o desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

3. *Exixir ao goberno galego a aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación, así como o desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.*

A Alcaldesa di que ela supoñe que este proxecto ten que pasar filtros medio ambientais, don Xurxo di que as últimas palabras da Xunta foron que as alegacións se pasarían directamente á empresa para que as solucionara, dando a entender que se instalará ali a toda costa, cando hai zonas que requiren actividade industrial e que xa están deterioradas, como As Pontes e Meirama, e deciden ir contaminar a unha zona nun enclave natural, onde a xente vive dun xeito equilibrado e a Illa de Arousa irá detrás, e se colapsa a ría de Arousa todo Galicia irá detrás.

Dona Paula di que ela entende que si unha empresa non compre coa normativa non se poderá instalar, eles están a favor da creación de emprego, respectando o medio ambiente, e pode que antes de que acabe este tema o PSOE ou o Bloque cambian de opinión e traían unha moción a favor, porque no Parlamento votaron a favor. Don Xurxo di que non se votou a favor de isto, votouse polo aproveitamento das fibras téxtiles.

Dona Sandra di que ela confía nos técnicos da Xunta, pero que se a sociedade dese pobo non o quere son os que deciden, e que lle estraña que si é tan malo pase o informe de impacto ambiental.

Dona Paula di que o mércores no Parlamento, Ana Pontón fíxolle unha pregunta a Rueda sobre ALTRI, e Rueda concluíu dicindo que a Xunta de Galicia non autorizará nada que non cumpra escrupulosamente con todos os criterios.

A Alcaldesa di que cre que votando a favor non se prexudica a ninguén e que eles van a votar a favor por apoiar a ese pobo.

E don German di que é terrible o que se pretende e a Alcaldesa di que entón non pasará os controis.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votación

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

58 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 3

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Aprobada.

10.4.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO BNG PARA O IMPULSO DAS OBRAS DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE AG-55 E A ELIMINACIÓN DAS PEAXES

Consta no expediente, a moción presentada polo representante do grupo municipal BNG, en data 29 de maio de 2024, rexistro de entrada 202499900000413, procedéndose a votar a urxencia da mesma co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 3

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por maioría absoluta, o voceiro do grupo mixto BNG procede a lectura da moción que continuación se transcribe:

“MOCIÓN DO GRUPO MIXTO BNG PARA O IMPULSO DAS OBRAS DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE AG-55 E ELIMINACIÓN DAS PEAXES

59 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Xurxo Manuel Rodríguez Baña, portavoz do grupo municipal do BNG, no concello de Camariñas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para debate e aprobación na vindeira sesión plenaria da corporación municipal:

Exposición de motivos:

O 24 de xaneiro de 2003 aprobábase polo consello de Ministros celebrado na Coruña o famoso “Plan Galiza” tras á nefasta xestión da catástrofe do Prestige, e que consistía nun conxunto de medidas destinadas a paliar a curto prazo as consecuencias económicas e sociais do desastre medioambiental e, a medio e longo prazo, impulsar o desenvolvemento social e económico de Galiza. Para a costa da morte prometeron moito e fixeron pouco, a infraestrutura máis importante e que vertebraría a comarca, a autovía que conectaría coa AG-55, 21 anos despois segue sen estar rematada.

O proxecto foi concibido como unha autovía de alta capacidade que debera chegar inicialmente a Berdoias, e con varios treitos de vías de altas prestacións que conectaría a autovía con Cee e outra co porto de Brens, para eliminar o tráfico de camións do casco urbano. Estas actuacións, ademais de prometerse no plan Galiza, foron recollidas no plan MOVE, aprobado pola Xunta de Galiza no ano 2009, onde ademais prevían unha vía de alta prestacións entre Santiago de Compostela e a costa da morte. O que non recollía ese plan era a conexión do polígono de Vimianzo, xa inaugurado naquel momento, e que hoxe é fundamental para estimular o asentamento de empresas e a creación de emprego na capital de Soneira. Velaí o cadro publicado no Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica (plan MOVE 2009-2015) aprobado pola Xunta:

PROGRAMA DE VÍAS DE ALTAS PRESTACIÓNS			
Descrición actuación	Lonxitude (km)	Investimento (€)	Horizonte
VAP Santiago - N-541.			
- Treito: A Ramallosa - A Estrada	13,6	75.880.000	2015
- Treito: A Estrada - Cerdido / Forcarei (N-541)	20,0	112.000.000	2020
VAP da Costa Norte.			
- Variante de Ortigueira e treito Celeiro-San Cibrao	17,9	97.940.000	2013
- Resto de Treitos Coruña	33,7	162.100.000	2015
- Resto de Treitos	33,6	160.220.000	2017
VAP Carballo - Fisterra.			
- Autovía Costa da Morte	42,0	208.224.679	2013
- Treito: Berdoias - Cee	10,5	33.713.813	2015
- Treito: Cee - Sardiñeiro	4,8	11.914.174	2013
- Treito: Acceso ao porto de Brens en Cee	8,2	48.650.000	2015
VAP Transversal Arteixo - 3ª Rolda	7,8	-	Eliminada da programación económica do Plan MOVE
VAP Brión-Noia			
- VAP Brión-Noia	17,5	56.659.028	2013
- Desdoblamento da VAP Brión - Noia	17,5	22.685.000	2015
VAP Santiago - Costa da Morte	40,00	85.000.000	2020

Documento
O código de ver

60 / 72
de.camarinas.net
to (artigo 42.b da Lei



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000006

Despois de tantas promesas, incumprimentos e escusas, a realidade é que a autovía ata Berdoias está sen rematar, e todo iso despois de que modificaran o contrato de obras coa empresa adxudicataria, na que lle perdoaron a execución dos últimos 15,5 Km a cambio dunha pequena rebaixa do orzamento da licitación e de executala cun modelo contractual de colaboración público-privada, mediante unha concesión que finaliza no ano 2038. No ano 2020 a Xunta de Galiza incluíu nos orzamentos 1 millón de euros para rematar este tramo, no 2021 incorporaron 6 millóns de euros, no 2022 foron 3,43 millóns, no 2023 incorporaron 3,5 millóns e para este ano 2024 finalmente orzamentouse 2 millóns de euros. Mais o goberno galego leva dende o ano 2016, e xa van 9 anos, sen executar e licitar un só euro desas cifras para reiniciar as obras na autovía AG 55 da Costa da Morte. En total, case 16 millóns de euros nos últimos 5 anos que non se executaron e que a Xunta aforrou á conta de non realizar os investimentos en infraestruturas na costa da morte.

As declaracións de varios cargos da Consellería, indican que o tramo de 15,5 km que hai ata Berdoais, pretenden executalo en varias fases, ademais de rebaixar as expectativas, convertendo o que debера ser unha vía de alta capacidade nunha simple vía rápida de un só carril por sentido, como xa fixeron co tramo final das obras executadas de 2,2 km ata a rotonda de Santa Irene, un auténtico despropósito e un novo agravio á nosa comarca. Para máis ofensa, hai 15 días, a Conselleira de infraestruturas e a Delegada da Xunta da Coruña aseguraban á par, que “nestes momentos o proxecto está redactado e sometido a información pública, polo que seguimos avanzando nos trámites necesarios para a súa execución. Cunha lonxitude de 5,5 quilómetros, ata a intersección coa AC-432, que comunica Vimianzo e Camariñas. Para a súa execución temos consignado este ano un orzamento de 2 millóns de euros e outros 40 millóns ata o remate da lexislatura” mais no DOG non hai máis novidades que as últimas da publicación da Declaración de impacto ambiental dos anos 2005 e 2009, esta última para o tramo de Berdoais a Cee e na plataforma de contratos públicos de Galiza, a publicación en data 11 de maio de 2011 da adxudicación do contrato de concesión de obra pública ao consorcio “Autovía Costa da Morte”.

Ante esta situación de parálise das obras e das intencións desveladas pola Consellería, é necesario que todos os concellos da nosa Bisbarra nos posicionemos de forma rotunda e clara e esixan o cumprimento íntegro de todos os proxectos de vías de altas prestacións, conforme se

61 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000006

configuraron inicialmente no plan MOVE, e que os liciten e executen de forma inmediata, sen cambios que reduzan as características dos proxectos redactados e discriminen á costa da morte.

Non obstante, tampouco podemos esquecer a necesidade de eliminar as peaxes na autovía AG-55 entre Carballo e Coruña, unha demanda histórica desta comarca, que debe materializarse sen máis demora, pois a concesión ten unha duración de 50 anos, e non rematará ata o ano 2045. Despois de moito tempo, os grupos políticos maioritarios de Galiza concordaron en pedir a gratuidade da autovía AP-9, polo que igualmente, e en aras de non xerar máis discriminacións no resto dos territorios, debemos actuar de igual maneira, e solicitar que se fagan as xestións oportunas para rescatar a concesión da autovía Carballo-Coruña e lograr que sexa gratuíta.

Por todo o exposto, o pleno da Corporación ACORDA:

1.- Instar á Xunta de Galiza a licitar xa o tramo Salto-Berdoias da Autovía AG-55 e a executala conforme o proxecto inicial, con dous carrís para cada sentido e mediana central.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incorporar no orzamento do ano 2025 a contía suficiente para licitar e executar as obras dos tramos Berdoias-Cee, Cee-Porto de Brens e a conexión da autovía AG-55 co polígono de Vimianzo.

3.- Instar a Xunta de Galiza a suprimir todas as peaxes da autovía AG-55 para que esta sexa totalmente gratuíta en todos os seus tramos”.

A Alcaldesa di que o grupo socialista quere engadir un cuarto punto que é “Instar á Xunta de Galicia a realizar o tramo que vai de Santa Irene a Calo”.

Don Xurxo di que se insta a execución do tramo Salto-Berdoias, dona Sandra e dona Encarna di que nese tramo non está incluído o corredor.

Dona Paula di que está de acordo en que é necesario e que agora mesmo hai 2 millóns de euros orzamentados, que non suficientes. E tamén di que non lle gusta que se presenten mocións que non son urxentes no mesmo día e que non van a entrar a debate, porque non puideron estudala.

A parte resolutiva da moción coas emendas proposta queda redactada do seguinte xeito:

Por todo o exposto, o pleno da Corporación ACORDA:

1.- Instar á Xunta de Galiza a licitar xa o tramo Salto-Berdoias da Autovía AG-55 e a executala conforme o proxecto inicial, con dous carrís para cada sentido e mediana central.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incorporar no orzamento do ano 2025 a contía suficiente para licitar e executar as obras dos tramos Berdoias-Cee, Cee-Porto de Brens e a conexión da

62 / 72



autovía AG-55 co polígono de Vimianzo.

3.- Instar a Xunta de Galiza a suprimir todas as peaxes da autovía AG-55 para que esta sexa totalmente gratuíta en todos os seus tramos

4.- Instar á Xunta de Galicia a realizar o tramo que vai de Santa Irene a Calo”.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 3

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Aprobada.

10.5.- MOCIÓN DO GRUPO PSOE SOBRE O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O grupo municipal PSOE presente moción sobre o financiamento da Xunta de Galicia do Servizo de Axuda no Fogar e, procedéndose a votar a urxencia da mesma co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 3

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR



Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por maioría absoluta, dona Begoña procede á lectura da moción que continuación se transcribe:

“MOCIÓN SOBRE O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O Grupo Municipal Socialista do Concello de CAMARIÑAS, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país.

Na dita lei establécese que as Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe, correspondéndolle ao Estado e ás Comunidades Autónomas establecer os pertinentes Convenios que establecerán o financiamento que corresponda a cada Administración, e que estes Convenios recollerán as achegas do Estado derivadas da garantía do nivel de protección.

Polo tanto, a competencia anunciadora do sistema é do Estado e da Xunta de Galicia e os Concellos son os que teñen a competencia na prestación do servizo.

Pero a realidade é ben distinta, vemos como Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas uns anos.

A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.

A Xunta límitase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000006

resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, incrementábase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que se encarece ano tras ano, especialmente nos concellos máis rurais e máis avellentados, que casualmente son os que dispoñen de menos recursos económicos.

A maiores, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen provocado un aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito achega algunha tendente a, dunha vez por todas cumprir coa súa obriga competencial de financiamento do servizo e as paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos e que non lles corresponden.

Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Deste xeito, na actualidade atopámosnos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.

A situación actual é que o custe dunha hora de Servizo de Axuda no Fogar supón a día de hoxe entre 22 e 24 euros, dos que a Xunta, contando coas achegas económicas que lle fai o Estado para este servizo achega 12 euros; mentres que os concellos e os usuarios achegan o resto (entre 10 e 12 euros) cos seus fondos propios.

Isto, sumado a que o SAF é un servizo cada vez máis demandado debido ao envellecemento da poboación, produce que os municipios teñan que asumir importantes cargas económicas, que se incrementan ano a ano e hipotecan o seu futuro económico. En moitos concellos, o SAF supón xa un de cada tres euros dos que dispoñen os concellos para gastos correntes. Esta situación vese agravada coa nova lexislación estatal que reduce a parte do copagamento que deben asumir os usuarios do servizo de Axuda no Fogar para que sexa asumida pola administración. Unha medida social coa que estamos de acordo, pero o que non podemos aceptar é que este incremento do gasto se volva a repercutir unha vez máis nos concellos. A Xunta é quen ten as competencias e é quen debe asumir ese incremento do gasto.

Se contrapoñemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

65 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:

Ano 2022: 50,3 millóns de euros

Ano 2023: 47,4 millóns de euros

Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, pasando dos 51,3 millóns de euros no ano 2022 aos 65,2 millóns de euros no ano 2023, e incluso recibiu importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España. :

En resumo, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa achega, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falla de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

Cabe recordar a maiores que o Fondo de Cooperación Local da Xunta leva unha década conxelado, o que sumado a asunción por parte dos Concellos no financiamento de competencias impropias, está a facer perigar a sustentabilidade económica dos servizos públicos no futuro.

Polo tanto, estamos no momento de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos, polo que dende o Grupo Municipal do PSdeG no Concello de CAMARIÑAS propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Corporación do Concello de Camariñas insta á Xunta de Galicia a:

Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asumen os Concellos de Galicia.

Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.

Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.

Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

A Alcaldesa sinala que o SAF é un problema de todos os Concellos, explica que se está a facer o estudo económico para volver a licitar e pode ser que cheguemos case a 800.000 euros e pensa que é necesario que se tome algunha medida o plantarse todos os Concellos e que a Xunta asuma a súa competencia.

Dona Paula di que é un tema moi serio, no que debería buscarse consenso, e pide que conste en acta que non están de acordo en que se fagan estas cousas, así, tarde mal e arrastro, e as cousas hai que facelas ben.

A Alcaldesa di que o problema do SAF está moi falado xa, e agora vaise ir a 24 ou 25 euros e a Xunta da 10 euros/hora, o problema é fácil de solucionar, hai que por mais cartos e é unha competencia da Xunta, pero o servizo beneficio aos velliños de Camariñas e hai que facer de tripas corazón, e don Manuel di que iso é demagoxia.

Non habendo mais debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 3

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Aprobada.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

11°.- DECRETOS DE ALCALDÍA

Dase conta dos decretos de Alcaldía, dende o o número 221/2024, de data 19 de marzo ao decreto 422/2024 do 24 de maio.

12°.- DACIÓN DE CONTA DA RENDICIÓN 1º TRIMESTRE 2024

- a) Informe do período medio de pago.
- b) Informe de morosidade.

67 / 72

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



c) Dación de conta do estado de execución trimestral 1º trimestre 2024.

Estado: Aprobada.

14º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUME A QUE SE REFIRE O ARTIGO 37 DO REAL DECRETO 424/2017, DO 28 DE ABRIL, QUE REGULA O RÉXIME XURÍDICO DO CONTROL INTERNO NAS ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO LOCAL NO CONCELLO DE CAMARIÑAS, EXERCICIO 2023, ASÍ COMO DA RELACIÓN DE REPAROS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2023 REMITIDOS AO CONSELLO DE CONTAS.

Dona Paula pregunta cantos reparos houbo, a Alcaldesa di que menos que no ano 2022, e a interventora di que non ten o dato, pero que o pode solicitar.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS

Consta no expediente, o **rogo** presentado polo grupo municipal PP en data 9 de maio de 2024, rexistro de entrada 202499900000363 e que é leido pola señora Alcaldesa e se transcribe a continuación:

“Que estamos recibindo queixas de veciños da Ponte do Porto que nos transmiten que (cando chove) a auga da traída municipal sae con turbidez, algo que se repite con frecuencia e que está causando preocupación nesta parroquia.

SOLICITO: Que desde a alcaldía se comprobe esta situación e se adopten as medidas necesarias para prestar un servizo axeitado ós usuarios.

Que se nos informe no pleno sobre as xestións realizadas e se engada o seguinte rogo para a vindeira sesión ordinaria da corporación. Desde o Partido Popular ROGAMOS que se comprobe o funcionamento do servizo de abastecemento de auga na Ponte do Porto”.

A Alcaldesa di que pasa non so en Ponte do Porto, senón tamén en Camariñas e que a auga cumpre e que Espina e Delfin, están na ETAP de Ponte do Porto por este problema e que o mesmo ven porque a nosa captación é do río.

Don Manuel pide a don Sergio que explique en que consiste o sistema e canto custou exactamente, e don Sergio di que non o pode explicar de memoria, que require tempo, pero que pode pedir copia da memoria, pero explica que cando a auga ven moi turbia, se meten produtos químicos para que se converta en pedra, e que teñen que ir regulando.

Don Juan Carlos di que el pensaba que tamén había uns filtros.

Inician unha conversación entre a Alcaldesa, don Juan Carlos e dona Encarna sobre a calidade da auga.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000006

Dona Paula formula os seguintes **rogos**:

- As rejillas do paseo marítimo de Ponte do Porto, que están soltas, a Alcaldesa di que xa se fixo acta de replanteo da segunda fase do paseo e que executará a obra a empresa SERGONSA e van cambiar as rejillas.

- Cantos vehículos do parque móbil municipal non están operativos ou se encontran avariados neste momento, a Alcaldesa di que so hai un no taller, o camiión. Don Sergio di que temos o camiión de lixo cun expediente de venta e un camiión en reparación na Ponte e ten dúbida respecto dun de protección civil.

Don Xurxo formula os seguintes **rogos**:

- Que se inicie o trámite para a elaboración do Regulamento de Participación Cidadá.

- Que se elabore a ordenanza de ruídos e despois que se aplique.

- Que se arranxe e adecente o camiño detrás do castelo, que vai cara á depuradora. A Alcaldesa di que xa foi encargada un proxecto.

- Que se arranxe a baranda da entrada de Camelle, porque o grao de inclinación xa vai nos 10.

- Viu que se arranxaron as biondas das primeiras curvas no rodeiro e roga que se coloquen tamén na contracurva. A Alcaldesa di que xa está.

- Que se mande requirimento para a limpeza das fincas urbanas e no caso de que se inicie o procedemento que se lle cargue aos titulares. A Alcaldesa di que hai que facer unha ordenanza, e don Xurxo di que entón roga a elaboración desa ordenanza.

Constan no expediente as seguintes **preguntas** presentadas polo grupo municipal PP en data 27 de maio de 2024, rexistro de entrada 20249990000410, as que da lectura e contesta a Alcaldesa, nos seguintes termos:

“Portos de Galicia eximiu ao concello do pago das taxas ao Museo dos Naufraxios, pero segundo indican desde este ente público a documentación non se entregou no prazo indicado o que supón un retraso na aplicación das bonificacións. Preguntas

1- Cal foi o motivo de que o concello de Camariñas presentara con retraso a documentación?

2-Canto deixou de aforrar o concello por non entregar a documentación no prazo indicado? (...)”.

A Alcaldesa di que se presentou un recurso a dita comunicación no que se explica que no ano 2022 o Concello solicitou que se eximira o pago das taxas polo museo dos naufraxios e non

69 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

se contestou, e no propio regulamento de portos poñía que a exención se entenderá concedida con carácter provisional e condicionada ao cumprimento durante todo o tempo que dura a utilización privativa, o aproveitamento especial ou a ocupación dominio público e artigo 137 pon salvo disposición expresa en contrario, unha vez concedido un beneficio fiscal non será preciso reiterar a solicitude para a súa aplicación en períodos futuros, salvo que se modifiquen as circunstancias que xustificaron a súa concesión.

Dona Paula pregunta cando se solicitou a exención do pago das cotas e Alcaldesa di que o 24 de outubro do 2022 e non contestaron e pensaron que se concederá a exención. E dona Paula di que esa exención puido solicitarse un mes despois do traspaso da lonxa e a Alcaldesa di que a solicitude debe facerse no primeiro mes do ano, e que eles o pediron en outubro para o ano 2023. E dona Paula di que non foi que se solicitara fora de prazo, di que perderon de aforrar, por non solicitalo antes e que ao no pedilo ao mes da cesión perderon ese período.

Don Manuel pregunta se agora está reclamado e a Alcaldesa di que si.

Dona Paula di que non hai que pedilo cada ano, pero que tardaron un ano e pico en pedilo, a Alcaldesa di que non eximiron nin o 2024, nin o 2023 e dona Paula di que co recurso terá que vir con carácter retroactivo ata outubro do 2022, e non en maio do 2021 e se perdeu un ano e medio de aforro.

Don Xurxo pregunta polos embargos a Portos e a interventora di que tiñan un embargo de deputación e houbo que facer o pago a Deputación.

A Alcaldesa e don Manuel falan sobre a posibilidade de que a Xunta avisase da necesidade de solicitude.

A Alcaldesa conclúe que ela no 2022 o solicitou e non lle eximiron.

“(..) En abril deste ano a concelleira Begoña Tajés anunciaba nun xornal que en maio se iban a realizar arranxos na Caseta de Man pero que non estaba prevista ningunha actuación no Museo-xardín. Preguntas

3-Cando se van a realizar arranxos na Caseta de Man? A Alcaldesa contesta que vaise arranxar a Casa de Man cando mellore o tempo.

4- Confirma a alcaldesa que non está prevista ningunha actuación no Museo-Xardín?. A Alcaldesa confirma que no Museo Xardín non está prevista ningunha actuación.

5- Vai o concello sacar a licitación algún servizo no próximo trimestre? A Alcaldesa contesta que se intentará licitar sempre que os medios persoais o permitan.

6-En Camelle, na zona do Prado do Rodeiro hai algunha actuación municipal en marcha na actualidade? A Alcaldesa di que en Camelle, na zona do Prado do Rodeiro, non hai ningunha actuación en marcha.

70 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

7- Na mesma zona do Rodeiro, en Camelle, neste ano 2024 o concello realizou algunha obra, ou houbo algún vehículo realizando algún tipo de servizo ou traballo?”. A Alcaldesa contesta que nesa zona, este ano, estiveron a buscar a auga que don Xurxo pedía pleno tras pleno.

Don Juan Carlos di que están preguntando no Rodeiro, dende a curva ao campo de fútbol, alí hai unhas fincas e estivo unha pala traballando e como estivo o camiión do Concello, por eso pensaron que había unha obra municipal.

A Alcaldesa di que non se da conta e don Xurxo di que non debería facerse unha obra ali, nin o Concello, nin outros.

Por escrito non hai mais preguntas, oralmente dona Paula, formula as seguintes **preguntas**:

- Hai queixas dos veciños de que nas últimas dous ou tres semanas o servizo de recollida de lixo non se realizou con normalidade. A Alcaldesa contesta que coincide coas vacacións de Manolo da Torre, pero que neses contedores están reciclando moi mal, tirando restos de obras e cando a xente vai tirar a basura está cheo de escombros e a policía local está a investigar quen tirou eses escombros.

- Cal é a situación administrativa e urbanística actual dunha obra supostamente paralizada este mes de maio de 2024m, na rúa Vulcano. A Alcaldesa contesta que está paralizada, que mandou a policía local, o promotor tiña unha comunicación previa para cambio de tella e non chega, ten que pedir unha licenza e presentar un proxecto feito por un arquitecto, que xa está encargado.

- Xa que hai uns meses non lles deixaron debater unha moción sobre a amnistía, e onte foi aprobada no Congreso dos Deputados, pregunta a valoración da Alcaldesa sobre a lei da amnistía. A Alcaldesa contesta que non fala de nada que non lle pertenza ao Concello de Camariñas.

Don Juan Carlos formula a seguinte **pregunta**:

- Hai queixas na Ponte porque hai unha barra americana e hai moito ruído e quería saber se o Concello sabe se está insonorizado. A Alcaldesa di que o Concello acaba de requirir ao que abriu a barra americana todo o que necesita segundo a arquitecta, pero pode abrir mentres tanto. Don Xurxo di que se non cumpre se pode paralizar a actividade, e pide que se sexa o mais estrito posible. A Alcaldesa di que xa requiriron e que a arquitecta é estrita, e se hai que ser estritos hai que selo con todos e que se lle vai requirir todo o que se poda pero non mais e ruído hai en mais sitios.

Don Xurxo formula as seguintes **preguntas**:

71 / 72



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000006

- Por que non se lle convidou a actos institucionais do Concello, como o izado de bandeira que aparece no Facebook? A Alcaldesa di que non foi un acto institucional, que foi un acto da comisión de festas.

- Tendes feito o peche de gastos e ingresos da Mostra de Encaixe? Dona Encarna e a Alcaldesa di que está case e don Xurxo pide que cando o terminen que se lle comunique.

- Visto o gasto da carpa de todos os anos, pregunta se non se plantexa o Concello comprar unha carpa? A Alcaldesa di que o pensaron e que mesmo pensaron en pedir unha subvención, pero que o problema é montala e transportala. E dona Encarna di que non é fácil colocala e que xera gastos.

- Aparece unha comida do 18 de abril de 266 euros cunha deputada provincial, a paga o Concello? A Alcaldesa contesta que se vén e quere comer, que moitas veces non queren, se que se lle convida a comer, que veu ás Confrarías e estivo todo o día.

- Pregunta a don Sergio, se se sabe algo do informe de augas do SERGAS, da praia de Camelle, porque segue marcándose como vermello e non apta para o baño? A Alcaldesa di que Manolito dixo que estaba ben e que se quere que lle mande o informe de augas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, senda as 22:44 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certificado.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria do Concello Eva Jardón López, co visto e prace da Alcaldesa Sandra Insua Rial